

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade

do 23 de febreiro de 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen
Comendador Rey, Beatriz
Eguileta Franco, José M^a
Garrido Labrador, Begoña
Presedo Garazo, Antonio
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

López Díaz, María (Ano
sabático)
Real López, Arturo
Sánchez Ferro, Pablo

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o xoves 23 de febreiro de 2017, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 20 de febreiro de 2017:

- Lectura e aprobación da acta anterior (30 de xaneiro de 2017)
- Informe da Decana
- Actualización e validación, se procede, dos criterios de selección e captación do profesorado externo do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Valoración sobre as enquisas de avaliación docente nos Mestrados
- Actualización membros da Comisión Académica do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Validación, se procede do Informe de seguimento do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (30 de xaneiro de 2017)

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de María López (ano sabático), Pablo Sánchez (motivos persoais) e Arturo Real (motivos persoais).
- A decana presenta ao Director de Área de Calidade da Universidade de Vigo, Xosé M^a Clemente, que pola proximidade da data do proceso de Acreditación do título de grao, ven a explicarnos e a darnos algunhas indicacións sobre o proceso.

O director da Área de Calidade comeza explicando que o proceso de Acreditación é obrigatorio, se produce tras 6 anos de implantación dun título, e consiste en comprobar o grado de correspondencia coa Memoria verificada, que será o documento de referencia da Comisión avaliadora. Moitos centros da UVigo xa o pasaron con diferentes puntuacións.

O proceso da Certificación do Sistema da Calidade é voluntario, en consecuencia é máis duro e máis técnico, a finalidade é comprobar a implantación deste sistema de calidade no centro. Como este proceso será máis tarde, haberá unha reunión máis adiante co Director da Área para preparar este proceso.

Respecto á Acreditación, o Director da Área de Calidade, pensa que dado que o Grao en Xeografía e Historia ten a memoria modificada, e polo tanto máis axustada á realidade, será máis doado o proceso. Comprobarán esta Memoria, o Autoinforme de renovación da acreditación e realizarán entrevistas a todos os colectivos da facultade.

Son 7 os criterios que avaliarán o título:

1. Organización e desenvolvemento
2. Información e transparencia
3. Sistema de garantía de calidade
4. Recursos humanos
5. Recursos materiais e servizos
6. Resultados de aprendizaxe
7. Indicadores de satisfacción e rendemento

A avaliación de cada un será dun A a un D. Se os resultados en Recursos humanos e Recursos materiais obteñen un D, o título non terá informe

favorable e desaparecerá do rexistro do ministerio. En Recursos humanos se avalía que exista o profesorado suficiente e que estea cualificado, avaliando os quinquenios e os sexenios. En Recursos materiais a comisión fará unha visita polas instalacións do centro para ver o estado e a suficiencia das mesmas.

Un aspecto no que probablemente incidan será na modalidade semipresencial, xa que é unha opción novidosa para eles.

Nas audiencias cos egresados e egrasadas e cos empregadores e empregadoras hai que mostrar as saídas profesionais do título a través das titoras e titores dos centros onde se realizan as prácticas.

No apartado de resultados, estudarán as taxas, especialmente de abandono e graduación. Hai que analizar as causas da baixa taxa de graduación e da defensa do TFG.

En canto á organización e desenvolvemento, o Director de Área de Calidade, explica que revisarán a organización das prácticas e o TFG, coordinación de materias e de curso, que o traballo estea ben organizado e que non haxa materias con duplicidades o baleiros. Revisarán as guías docentes publicadas e as compararán coa memoria para ver se se axeitan.

Informa o Director de Área de Calidade que solicitarán de entre 3 a 6 materias para avalialas. Escollerán aquelas con taxas de éxito ou de fracaso moi elevadas. Destas revisarán as guías, o material docente, que se non ten copyright é material da universidade, e os exames, que se teñen que gardar 5 anos os suspensos e 3 os aprobados. Tamén comprobarán a opinión do profesorado e do alumnado.

A continuación, o Director de Área de Calidade explica a axenda da visita. A comisión de avaliación será recibida polo equipo decanal e, se pode ser, polo Vicerreitor de campus. O equipo decanal fará unha presentación do centro coa súa historia, evolución, etc. Despois se reunirá coa Comisión de Calidade, aproximadamente unhas dúas horas. Nesta reunión valorarase a implantación do SGC do centro, a política e obxectivos de calidade, os índices de satisfacción, a semipresencialidade, o perfil de ingreso do título. Comenta tamén que deberíamos salientar o valor engadido do título pola súa proxección cara á sociedade explicándolles os contratos de I+D cos concellos. Nesta comisión é onde realmente se avalía o título e se contrasta coas seguintes reunións.

Haberá tamén xuntanzas cunha mostra representativa do estudantado de grao, co profesorado, cos empregadores, co estudantado egresado e co PAS. A continuación haberá unha audiencia pública que hai que anunciar debidamente e con antelación, para que calquera que o desexe se pronuncie sobre o título. Nesta audiencia a comisión avaliadora non pregunta, só escoita.

Unha vez rematado o proceso, emitirán un informe oral que redactan despois das anotacións do día; este informe oral é un adianto do que vai vir escrito. A visión dun informe a outro pode cambiar porque logo contarán tamén coas anotacións da técnica de calidade.

Por último, o Director de Área de Calidade, aclara que hai un prazo para reclamar o informe escrito.

A decana agradece a presenza do Director de Área de Calidade, quen abandona a xuntanza e continúa coa orde do día establecida.

- Informa a decana de que a semana pasada tiveron unha reunión os decanos/director co xerente e co Vicerreitor de economía e planificación para falar da RPT e o concurso, que está pendente de saír. Viñan consultar cal consideraban que era a mellor ubicación das novas áreas. Por exemplo os AA.EE. se dividen en 2 efectivos para o campus sur e 3 para o campus norte. A finais de maio queren que estea todo resolto.
- Informa tamén da convocatoria da I edición dos Premios de investigación, transferencia, innovación educativa e divulgación científica do Campus da Auga. Hai de prazo ata o 31 de xullo para presentarse.
- Informa de que onte estivo en Santiago no proceso de acreditación do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade porque a materia que imparte foi unha das seleccionadas para avaliar.
- Debido á baixa do profesor Alberto Valín, informa que se tivo que facer un reaxuste nos horarios da Área de Historia Contemporánea, que xa foron aprobados en Xunta de Centro.

3. Actualización e validación, se procede, dos criterios de selección e captación do profesorado externo do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A decana explica que o centro non ten potestade sobre a contratación do profesorado. Nos Mestrados a Comisión Académica determina e aproba os criterios de contratación do profesorado externo.

Acórdase validar os criterios de selección e captación do profesorado externo.

4. Valoración sobre as enquisas de avaliación nos Mestrados

A coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias de Antigüidade explica que as enquisas de avaliación docente non son efectivas en ningún dos dous mestrados do centro, xa que un é non presencial e o que coordina Santiago impártese integramente nesta universidade e a empresa contratada pola UVigo, non se despraza ata alí. A opción en ambos casos é realizalas online, pero este medio non é considerado oficial. Explica que fixo unha queixa a través da plataforma da UVigo, para que quedara constancia, e lle responderon que están a facer un plan piloto sobre enquisas online.

5. Actualización membros da Comisión Académica do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Na pasada Xunta de Facultade se postulou como coordinador do Mestrado o profesor Fermín Pérez e propuxo como secretario ao bolseiro Adolfo Fernández, substituíndo respectivamente a Beatriz Comendador e Beatriz Vaquero.

Por acordo unánime dos membros da Comisión de Calidade, inclúese o seguinte punto:

6. Validación, se procede, da Declaración de intencións sobre a remodelación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Debido á caída do módulo de restauración do mestrado, tema que xa se concretou na anterior Comisión de Calidade, tense que reformar o título, ampliando a docencia dos outros dous módulos.

Valídase a declaración de intencións.

7. Validación, se procede, do Informe de seguimento do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A antiga coordinadora do mestrado elaborou o autoinforme de Seguimento no que vai incluído o PAM, entre as novas propostas, vai incluída a remodelación do mestrado.

Acórdase validar o Informe de seguimento do Mestrado.

8. Rolda de intervencións

Non hai.


E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 19.20 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez